

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Resolución do 22 de xuño de 2026 da dirección do Instituto Galego do Consumo e da Competencia pola que se adxudica unha bolsa de formación en materia de promoción e defensa da competencia (CO400F-2026), convocada por Resolución do 29 de decembro de 2025.

Antecedentes

Primeiro. Pola Resolución do 29 de decembro de 2025 (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2026) estableceuse, mediante a tramitación anticipada de gasto, as bases reguladoras e convocouse, en réxime de concorrencia competitiva, unha bolsa de formación en materia de promoción e defensa da competencia para o ano 2026 (código de procedemento CO400F).

Segundo. A Comisión de Valoración, en sesión do 15 de xuño de 2026, adoptou o seu acordo polo que eleva á dirección do Instituto Galego do Consumo e da Competencia a proposta de concesión da bolsa a favor de D^a Beatriz Gómez Puente (expediente CO400F/26/15), coa puntuación total de 43,00 puntos (35,00 de méritos e 8,00 de entrevista), sen que proceda lista de reserva.

Terceiro. O órgano instrutor, o Servizo de Información, Cooperación e Fomento, formulou con data 17 de xuño de 2026 a proposta de resolución de adxudicación da bolsa a favor de D^a Beatriz Gómez Puente, a inadmisión das solicitudes que non cumpren os requisitos do artigo 5 das bases (anexo I) e a desestimación das demais solicitudes (anexo II).

Cuarto. Existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto, con cargo ás aplicacións orzamentarias 14.80.613A.480.0, «bolsas de formación para o apoio á educación en consumo responsable», e 14.80.613A.484.0, «cotas Seguridade Social bolseiros», dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. Con data 22 de xuño de 2026 fiscalizouse e contabilizouse o documento contable de disposición/compromiso do gasto («D»).

Fundamentos de dereito

Primeiro. A competencia para resolver este procedemento correspóndelle á persoa titular da dirección do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, conforme aos artigos 18 e 19 das bases reguladoras.

Segundo. Son de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), as bases reguladoras do procedemento CO400F e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro. De acordo co artigo 18.2 das bases, prescínlese do trámite de audiencia previo previsto no artigo 18.1, ao non figurar no procedemento nin terse en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polas persoas interesadas.

Resolución

Á vista da proposta do órgano instrutor e dos antecedentes expostos, RESOLVO:

Primeiro. Conceder unha bolsa de formación en materia de promoción e defensa da competencia a D^a Beatriz Gómez Puente (NIF 45872046H, expediente CO400F/26/15), ao



cumprir con todos os requisitos exixidos para acceder a ela. A bolsa estará dotada con 1.100 euros brutos por mes.

Segundo. Inadmitir as solicitudes presentadas polas persoas que se relacionan no anexo I desta resolución, por non cumprir cos requisitos exixidos no artigo 5 das bases reguladoras.

Terceiro. Desestimar as demais solicitudes presentadas, polas causas que se relacionan no anexo II desta resolución (artigo 17.3 das bases reguladoras e, respecto de D^a Elena Insua López, renuncia expresa).

Cuarto. Dispoñer o gasto mediante a expedición dos correspondentes documentos contables con cargo ás partidas orzamentarias 14.80.613A.480.0, «bolsas de formación para o apoio á educación en consumo responsable», e 14.80.613A.484.0, «cotas Seguridade Social bolseiros», dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, que se destinarán ao pagamento da persoa bolseira e das cotas da Seguridade Social. A contía da bolsa calcúlase desde a data de incorporación da persoa beneficiaria e ata o 31 de decembro de 2026.

Quinto. A persoa beneficiaria deberá comunicar a súa aceptación ou renuncia no prazo máximo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da notificación desta resolución. Transcorrido o dito prazo sen que se declare en ningún sentido, entenderase que renuncia á bolsa.

Sexto. A persoa beneficiaria terá as obrigas establecidas no artigo 24 das bases reguladoras, «Obrigas da persoa beneficiaria».

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso -Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán desde a mesma data. En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso -administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2026.

O director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia

(asinado de xeito electrónico)



Anexo I. Listaxe de solicitudes inadmitidas

Nº	Exp.	Persoa	Causa de exclusión
1	26/5	Tomás Aparicio Ayan	Artigo 5.i): non acreditar estar ao día no pagamento de obrigas
2	26/6	Mirian Reija Otero	Artigo 5.d): non gozar na actualidade doutra bolsa ou axuda
3	26/10	Hernán Felipe Cortez López	Artigo 5.b): non acreditar coñecemento de galego (perfeccionamento/Celga 4)
4	26/16	Alexandra Deborah Castro Bompastor	Desistencia (artigo 14.1)

Anexo II. Listaxe de solicitudes desestimadas

Nº	Exp.	Persoa	Causa de desestimación
1	26/8	Paula López García	Artigo 17.3 das bases reguladoras
2	26/14	Nerea Casanova López	Artigo 17.3 das bases reguladoras
3	26/7	Daniel Ventoso Suárez	Artigo 17.3 das bases reguladoras
4	26/9	Elena Insua López	Renuncia expresa
5	26/3	Paula Fernández Esmoris	Artigo 17.3 das bases reguladoras
6	26/11	Sandra Iglesias Espadas	Artigo 17.3 das bases reguladoras
7	26/4	Alba Atenea Leiracha Amado	Artigo 17.3 das bases reguladoras
8	26/13	Alejandra Rico Maseda	Artigo 17.3 das bases reguladoras

